

Martes, 3 de maio de 2022

Núm. 84

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE
AUGAS DE GALICIA
ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA - SUR

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*DH.W36.82593 GESTORA INMOBILIARIA LA TOJA, S.A., SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN
DE OBRAS NO LUGAR DE CABANELAS, CONCELLO DE RIBADUMIA*

Gestora Inmobiliaria La Toja S.A. solicita de Augas de Galicia co CIF: Q1500378C, a autorización de obras no lugar de Cabanelas, no concello de Ribadumia (Pontevedra). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W36.82593

As obras solicitadas consisten na construción da represa nunha superficie de 40,10 m de lonxitude e 29,30 m de anchura, con coeira, cunha altura máxima de 1,80 m sobre rasante, e bloques de 500 kg, noiros de 20/1 (H/V) augas arriba e 2/1 augas abaixo, con canal central para augas baixas, en Cabanelas, Santa Baia de Ribadumia, Ribadumia (Pontevedra). Para reconstrución da represa existente necesaria para evitar a salinización da captación de auga para abastecemento da illa da Toxa (DH.A36.11256).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Ribadumia ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ San Salvador, 2-4º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, a/o xefa/e do Servizo Territorial – Alberto Bosquet Herreros (Sinatura dixital).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:68SOMSNYO0S.JPHWQ

